

## **ACTA NÚM. 10 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE 2013.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinde e sete de xuño de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

### **A S I S T E N:**

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

### **CONCELLEIROS/AS:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Dona Cecilia Sierra Rey.  
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.  
Dona María Amelia González Brandariz.  
Don José Luís García Bello.  
Don Juan José de la Fuente Fuentes.  
Dona María Castelao Torres.  
Don Francisco Javier Noya Iglesias.  
Don Adrián Varela Sarandeses.  
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Mar Martín García.  
Don Benardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.  
Dona Rosario Valledor Puente.  
Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro Don Gonzalo Muiños Sánchez.

### **O R D E   D O   D Í A:**

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 30 de maio de 2013.**

- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 11 de xuño de 2013.**
- 3. Declaración de utilidade pública da construción da sede da Asociación Compostelana de Esclerose Múltiple para os efectos de bonificación no ICIO.**
- 4. Toma de coñecemento da aprobación definitiva da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal que afecta aos capítulos IV e V da normativa urbanística, así como aos artigos 125.6 e 126.7.**
- 5. Proposición do BNG relativa a dar impulso e modernización ao ferrocarril.**
- 6. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.**
- 7. Dar conta de Resolucións da Alcaldía, relativas a delegación de competencias en materia de responsabilidade patrimonial e para petición, tramitación e aceptación de subvencións.**
- 8. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 9. Rogos e preguntas.**
- 10. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.**

Altérase a orde do día transcrita introducindo por urxencia, coa votación que se indicará no lugar correspondente, o seguinte asunto logo do punto número 5, alterando a numeración dos subseguintes:

- 6. Proposta da alcaldía para manifestar o apoio ao recoñecemento por parte da UNESCO do título institucional de “Señorío de Quevedo” para o municipio de Torre de Juan Abad.**

Cumpriméntase así:

### **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE MAIO DE 2013.**

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 30 de maio de 2013 (acta núm. 7/2013).

### **2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 11 DE XUÑO DE 2013.**

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 11 de xuño de 2013 (acta núm. 8/2013).

### **3. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA CONSTRUCCIÓN DA SEDE DA ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE ESCLEROSE MÚLTIPLE PARA OS EFECTOS DE BONIFICACIÓN NO ICIO.**

A proposta da concelleira relativa ao presente asunto ven orixinada polo informe do Director da área de Urbanismo e Infraestruturas do día 4 de xuño deste ano, que indica o seguinte:

#### **“ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago, na sesión do 7 de xullo de 2009 ACORDOU CONCEDER LICENZA de obras á entidade ASOCIACION COMPOSTELANA DE ESCLEROSE MULTIPLE, para construción dun edificio destinado a centro de día e rehabilitación con vivenda para estancia temporal e respiro familiar, na porción Sur da parcela ESOC do SUNP-2 de Salgueiriños, na Rúa Queixume (LIC 750/2009).

2. A ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE ESCLEROSE MÚLTIPLE solicita bonificación prevista no art. 8.1 ordenanza fiscal para o imposto de construcións, instalacións e obras por escrito de 16 de maio de 2013.

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Consonte o artigo 8 da ordenanza fiscal para o imposto de construcións, instalacións e obras “Establécese unha bonificación do 30% a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración”.

Con relación ó expediente presentado pola Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, LIC 750/2009, cabe sinalar que o mesmo refírese á construción da Sede para a citada asociación

Polo tanto, a bonificación solicítase en base á concorrencia de circunstancias sociais na obra realizada: a construción da sede da asociación.

Neste sentido, cabe sinalar que esta asociación atópase inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións (nº 3983) e foi recoñecida como entidade de Utilidade Pública por Resolución do Ministerio del Interior, de 17 de abril de 2007.

En primeiro lugar hai que destacar que o obxeto da bonificación é a obra en si mesma, con independencia de quen sexa o solicitante (persoa física, xurídica ou sexa entidade sen ánimo de lucro ou con ánimo de lucro). Polo tanto a concorrencia das circunstancias hai que apreciarlas nas obras.

Neste sentido, as obras teñen por obxeto a construción da sede dunha entidade de indiscutible interese social, e as actividades que se van a desenvolver e os usos as que se destinará o edificio teñen un indiscutible interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, como proba o feito de que a parcela sobre a que se ubica o Centro de

Rehabilitación é unha parcela demanial. Así, as parcelas demaniais, pola propia normativa urbanística, so poden destinarse a usos que se consideren de interese público e en beneficio da comunidade.

Por todo o exposto, infórmase favorablemente a bonificación solicitada.”

Dona María Pardo expón que hai unanimidade dos tres grupos para declarar a utilidade pública desta construción e aplicar á mesma o artigo 8 da ordenanza fiscal correspondente que fala dunha bonificación do 30% da cuota a favor das construcións deste tipo de instalacións.

Xa que logo, de conformidade coa proposta da concelleira-delegada da área de desenvolvemento urbano e sostible, do día 17 deste mes, o informe transcrito do Director da área de Urbanismo e Infraestruturas, e o ditame favorable da comisión informativa de réxime interior, correspondente á súa reunión do pasado día 20, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade, consonte o que establece o artigo 8 da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO), declarar o especial interese e utilidade municipal das obras de construción dun centro social de rehabilitación integral e unidade de respiro familiar para enfermos de esclerose múltiple na parcela ESOC do SUNP-2 (Salgueiriños) -LIC/750/2009-, para os efectos de aplicar a bonificación prevista no artigo 8.1 da citada ordenanza.

#### **4. TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL QUE AFECTA AOS CAPÍTULOS IV E V DA NORMATIVA URBANÍSTICA, ASÍ COMO AOS ARTIGOS 125.6 E 126.7.**

A xefa de sección de xestión urbanística explica o contido do presente asunto no seu informe de data 17 de xuño de 2013, que a seguir se transcribe:

##### **“1. Obxecto e contido da Modificación**

O proxecto de referencia formulouse de oficio polo Concello de Santiago, a través dos Servizos Técnicos da Área de Urbanismo, co obxecto de modificar puntualmente a normativa urbanística do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), con dúas finalidades:

1ª. Desgaxar do corpo normativo do Plan xeral a regulación dos aspectos atinentes ao procedemento e requisitos para o outorgamento de licenzas urbanísticas e outros actos de intervención na edificación e uso do solo, así como para as informacións e consultas urbanísticas, que se rexerán pola lexislación aplicable ou pola normativa específica que se aprobe para este efecto.

2ª. Reformar a redacción dos artigos 125.6 e 126.7 da normativa do PXOM, co obxecto de regular as condicións de instalación de rótulos publicitarios tanto en planta baixa, como nas plantas altas e na cimeira dos edificios, sen prexuízo da ordenanza que regula especificamente esta cuestión e que complementa neste punto as determinacións do Plan xeral.

Coa modificación proposta desaparecen os artigos 23 a 50 da normativa urbanística do PXOM (capítulos IV e V do Título I, nomeados, respectivamente, Intervención na edificación e no uso do solo e Información urbanística), incluíndo no seu lugar a seguinte disposición:

A regulación das cuestións relativas á intervención na edificación e no uso do solo, así como das informacións urbanísticas, é a que resulta da normativa, legal ou regulamentaria, vixente na materia, así como da que puidera aprobar o Concello de Santiago no exercicio da súa potestade regulamentaria.

Polo que atinxe á redacción dos artigos 125.6 e 126.7 do PXOM, procédese á súa reforma nos seguintes termos:

\* No artigo 125.6, engádense expresamente os rótulos publicitarios entre as instalacións autorizables por riba da cuberta, que se rexerán pola correspondente ordenanza, polo disposto no apartado 7 do artigo seguinte (126), e polo planeamento urbanístico que resulte de aplicación ao respectivo inmovible.

\* No apartado 7 do artigo 126 (toldos e rótulos), logo de regular os toldos -sen modificacións respecto do Plan vixente- sinálanse, respecto dos rótulos publicitarios, as novas condicións ou requisitos xerais que rexerán a súa autorización, ademais dos que, de ser o caso, resulten do planeamento e da respectiva ordenanza de aplicación.

A nova regulación proposta baséase en tres criterios principias:

1. O sinalamento dunha **altura mínima para os rótulos que sobresaian da fachada**, que se fixa en 225 cm. sobre a rasante oficial, sen modificar neste punto a que xa se establece polo Plan vixente.

**2. Nos inmovibles catalogados, así como nos situados no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) e no do perímetro azul** (segundo Orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 29 de outubro de 1964), prohíbese a instalación de rótulos na planta alta e na cimeira dos edificios, de xeito que só se admiten os rótulos en planta baixa, previo informe favorable da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico (ou órgano equivalente que realice as súas funcións).

3. Nos restantes edificios -isto é, os non catalogados e os non incluídos no ámbito do PE-1 e do perímetro azul- a instalación de **rótulos na planta alta e na cimeira** esixe así mesmo informe favorable da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico (ou órgano equivalente que realice as súas funcións), que poderá denegar a súa instalación por motivos estéticos, debidamente xustificadas.

## **2. Tramitación municipal**

En cumprimento do esixido polo artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), a Modificación tramitouse segundo o procedemento regulado polo artigo 85 para a aprobación do Plan xeral de ordenación municipal, sen suxeición a avaliación ambiental estratéxica, ao terse

declarado a súa innecesiedade por Decisión da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 4 de maio de 2012.

Consta no expediente o informe favorable do secretario xeral do Pleno Municipal.

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 85.2 da LOUG, a Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o 28 de xuño de 2012 e someteuse a **información pública** durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia nº 157 do día 20 de agosto, e nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia de data 14 de agosto de 2012. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, outorgouse audiencia aos municipios limítrofes.

Durante os trámites de información pública e audiencia aos concellos limítrofes non se formularon alegacións.

Con data 9 de xullo de 2012 solicitouse o informe do director xeral do Patrimonio Cultural, se ben, ao non terse recibido resolución expresa dentro do prazo de tres meses legalmente establecido, o Pleno Municipal adoptou, con data 29 de novembro de 2012, o acordo de aprobación provisional da Modificación.

Nembargante, con data 4 de decembro recibíuse no Concello a resolución de Patrimonio, que fora asinada o 26 de novembro de 2012. A dita resolución, aínda que de forma extemporánea, resulta favorable á Modificación tramitada polo Concello, se ben sinala a obrigatoriedade de reformar a redacción proposta para o apartado 7 do artigo 126, co obxecto de especificar que, tanto nos bens declarados de interese cultural (BIC), como nos catalogados ou inventariados, así como nos situados no seu contorno ou área de protección, a instalación de rótulos requirirá a preceptiva autorización do órgano da administración autonómica competente en materia de protección do patrimonio cultural.

A esixencia da antedita autorización, para calquera actuación nos elementos catalogados polo Plan xeral, xa resulta do disposto polo artigo 172.3 da normativa do PXOM. Os elementos catalogados polo Plan xeral vixente -que inclúen necesariamente os declarados BIC- quedan incorporados ao inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, de xeito que a vixente redacción do artigo 172.3 do PXOM xa garante a necesaria intervención de patrimonio cultural en calquera actuación que puidera afectar tanto ao ben catalogado como a súa área de contorno.

No entanto, e a fin de evitar posibles confusións, na solicitude de aprobación definitiva que se dirixiu polo Alcalde á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, propúxose incorporar no acto de aprobación definitiva, a seguinte redacción para o novo artigo 126.7 do PXOM:

a) Nos edificios situados no ámbito do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) e no perímetro azul, prohibense os rótulos en plantas altas e na cimeira dos edificios, permitíndose unicamente na planta baixa, previo informe favorable da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico, que poderá denegar a súa instalación por motivos estéticos, inadecuación ao contorno, alteración da imaxe urbana ou calquera outro motivo análogo debidamente xustificado.

b) Nos restantes bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia (bens de interese cultural, catalogados ou inventariados), así como nos situados na súa área de contorno ou protección, aplicarase o mesmo réxime sinalado no apartado anterior, sendo ademais preceptiva a autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio cultural.

c) Nos restantes edificios, non incluídos nos apartados anteriores, a autorización de rótulos en planta alta ou na cimeira esixe así mesmo informe favorable da Comisión Asesora do Patrimonio histórico, que poderá denegar a súa instalación polos mesmos motivos indicados no apartado a).

### **3. Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de aprobación definitiva da Modificación puntual**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante Orde de data 8 de abril de 2013, adoptou a seguinte resolución:

1º. Outorgar a aprobación definitiva á Modificación puntual do PXOM de Santiago de Compostela, nos capítulos IV e V, e nos artigos 125.6 e 126.7 da normativa urbanística, de acordo co establecido no artigo 85.7.a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2º. Contra esta Orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xuridicción contenciosa-administrativa.

3º. Notifíquese esta Orde ao Concello e publíquese no DOG.”

A citada Orde publicouse no Diario Oficial de Galicia do 22 de abril de 2013.

### **4. Publicación da normativa urbanística**

En cumprimento do esixido polos artigos 92.2 da LOUG e 70 da Lei de Bases do Réxime local, a entrada en vigor dos plans esixe a publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto íntegro da normativa urbanística definitivamente aprobada.

De acordo co informe emitido con data 5 de xuño de 2013 polo Secretario Xeral do Pleno Municipal, procede publicar a redacción do artigo 126.7 que se contén na proposta do Alcalde de data 4 de decembro de 2012, con base nas seguintes consideracións:

- A dita proposta incorpora as medidas correctoras indicadas polo director xeral do Patrimonio Cultural na súa resolución de data 26 de novembro de 2012.

- A proposta foi remitida á Consellería, e con tal carácter foi incorporada á solicitude de aprobación definitiva, polo que forma parte do expediente administrativo sobre o que recaeu a resolución autonómica de aprobación definitiva.

- A nova redacción proposta non altera o contido substancial do texto que foi aprobado provisionalmente polo Pleno Municipal, sendo o seu único obxecto clarificar a redacción do artigo 126.7, en coherencia coa do artigo 172.3 do Plan xeral e coa normativa aplicable aos bens do patrimonio cultural de Galicia.

## **5. Toma de coñecemento**

En consecuencia, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda, Infraestruturas e Medio Ambiente, adoptar o seguinte acordo:

a) Tomar coñecemento da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 8 de abril de 2013 -publicada no Diario Oficial de Galicia o día 22 de abril de 2013- pola que se aproba definitivamente a Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal que afecta aos capítulos IV e V da normativa urbanística, así como aos artigos 125.6 e 126.7.

b) Tomar coñecemento da resolución emitida o 26 de novembro de 2012 polo director xeral do Patrimonio Cultural, e da nova redacción do artigo 126.7, para os efectos da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Xa que logo, de conformidade co informe transcrito da xefa de sección de xestión urbanística, a proposta da concelleira da área de desenvolvemento urbano e sostible de data 17 de xuño deste ano, e o ditame favorable da Comisión de Urbanismo e Vivenda Rehabilitación e Cidade Histórica, correspondente á súa reunión do día 20 deste mes, o Pleno da Corporación:

a) Toma coñecemento da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 8 de abril de 2013, publicada no Diario Oficial de Galicia o día 22 de abril seguinte, pola que se aproba definitivamente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal que afecta aos capítulos IV e V da normativa urbanística, así como aos artigos 125.6 e 126.7.

b) Toma coñecemento da resolución emitida o 26 de novembro de 2012 polo Director Xeral de Patrimonio Cultural e da nova redacción do artigo 126.7 para os efectos da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

## **5. PROPOSICIÓN DO BNG RELATIVA A DAR IMPULSO E MODERNIZACIÓN AO FERROCARRIL.**

O texto da proposición presentada polo BNG o día 18 de xuño deste ano é o que a seguir se transcribe:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa do seu portavoz Rubén Cela, e ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa ao impulso e á modernización do tren na Galiza.

O ferrocarril é un servizo público básico, sustentábel economicamente, que constitúe un elemento de cohesión e vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e



equilibrio demográfico. Como medio de transporte é o elemento central dun sistema nacional de transporte intermodal e complementario, resulta o máis eficiente no que atinxe ao transporte de granel e mercadorías non perecedoiras, respectuoso co medio ambiente, e ademais fonte dun emprego de calidade.

O anuncio de recortes de Renfe Media Distancia, a eliminación da maior parte das estacións e apeadeiros da Galiza, a negativa dun servizo de proximidades ou o proceso de privatización e liberalización de infraestruturas, material e servizos, leva ao sector ferroviario galego a unha situación dramática, de desmantelamento de servizos e infraestruturas.

Mentres no Estado, nos últimos 15 anos, levouse a termo a modernización ferroviaria, na Galiza adíanse os investimentos necesarios e négaselle unha rede compatíbel para persoas viaxeiras e mercadorías, unha dupla vía e electrificada, que prime a mobilidade interior, con conexións axeitadas con Portugal e co resto do Estado. O Goberno central ignora, á mantenta, que Galiza posúe aproximadamente a metade dos núcleos de poboación do Estado, mentres carece de servizos ferroviarios de proximidade.

Se hai unha cidade na Galiza que vai saír prexudicada dos recortes nas comunicacións por tren é Santiago de Compostela. Neste caso concreto, polo feito de ser capital política e administrativa, hai un número moi importante de traballadoras e de traballadores públicos que se desprazan a diario á cidade; unido a milleiros de estudantes, profesorado e persoal non docente que acoden á Universidade, ademais de atraer a área de influencia do CHUS, entre outras.

En concreto, na liña A Coruña-Vigo pechou a estación da Escravidude e reduciuse a unha soa parada ao día a de Osebe. Na liña Santiago-Ourense, quitáronse dous dos tres rexionais que había e aumentou un tren de longa distancia a Madrid, co resultado de que hai unha conexión de tren menos ao día entre estas dúas cidades. Pero en paradas, ao quedar un só tren rexional, pecháronse por completo as estacións de Vedra-Ribadulla, Bandeira e Ponte Taboada (Silleda) e a estación de Lalín queda cunha única frecuencia diaria. Á marxe destes recortes no ámbito máis próximo, a Santiago de Compostela repercútenlle todos os producidos no resto da rede viaria, tanto en Ferrol, como na Coruña e en Monforte.

A Xunta de Galiza debe encarar este grave problema e asumir todos os servizos interiores do noso país a través dunha transferencia da infraestrutura e do material rodante, realizando previamente o Estado un investimento para poder dispoñer dun bo tren convencional. A ese proceso de transferencia ha de seguir a creación dunha compañía pública ferroviaria galega que, partindo de sermos unha unidade económica e social a vertebrar, xestione os servizos ferroviarios no interior do territorio galego.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

Instar á Xunta de Galiza a

1. Reclamar do Goberno do Estado que desista do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios no noso país, reclamando o mantemento das liñas

existentes (Ourense-Puebla da Seabra; Ourense-Monforte-Ponferrada; A Coruña-Ferrol; A Coruña-Lugo-Monforte, Vigo-Ourense) e unha mellora dos servizos e frecuencias que se veñen prestando en territorio galego.

2. Demandar do Estado as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega que mellore a prestación deste servizo no noso país e permita acometer as infraestruturas e desenvolver os servizos de transporte ferroviario na Galiza que contribúan a vertebración económica, social e territorial do país.

3. Demandar do Goberno do Estado o mantemento e desenvolvemento dos talleres e actividades auxiliares existentes na Galiza, así como a creación de módulos de formación Profesional vinculados á actividade ferroviaria.”

Don Rubén Cela manifesta que é ben sabido que o ferrocarril é un servizo público básico, sustentábel economicamente, que constitúe un elemento de cohesión e tamén de vertebración social, ademais de ser un factor de dinamización e de equilibrio demográfico.

Como medio de transporte, é o elemento central dun sistema nacional de transporte intermodal e complementario, resulta o máis eficiente no que atinxe ao transporte de granel e mercadorías non perecedoiras, e é respectuoso co medio ambiente, ademais de fonte dun emprego de calidade.

O anuncio de recortes de Renfe Media Distancia, da eliminación da maior parte das estacións e apeadeiros da Galiza, a negativa dun servizo de proximidades ou o proceso de privatización e liberalización de infraestruturas, material e servizos, leva ao sector ferroviario galego a unha situación dramática de desmantelamento de servizos e infraestruturas.

Galiza é unha das comunidades máis afectadas, coa supresión de múltiples servizos semanais, e así o Sr. Hernández citaba inicialmente a supresión de setenta e dúas, aínda que posteriormente a Sra. Pastor reducíaos á metade, nunha mostra da “fluída comunicación” que existe entre a Ministra e o Conselleiro, e da coordinación entre a Xunta e Administración Central do Estado, e dende logo, en calquera dos casos, moi lonxe das once supresións de Asturias, das dezaioito de Cantabria, ou das doce de Euskadi.

Mentres no Estado, nos últimos 15 anos se levou a termo a modernización ferroviaria, na Galiza adíanse os investimentos necesarios e négase unha rede compatíbel para persoas viaxeiras e mercadorías, unha dupla vía electrificada na totalidade do seu trazado que prime a mobilidade interior, con conexións axeitadas con Portugal e tamén co resto do Estado.

O Goberno central ignora, á mantenta, que Galiza posúe aproximadamente a metade dos núcleos de poboación do Estado, mentres carece de servizos ferroviarios de proximidade. E se hai unha cidade na Galiza que vai saír prexudicada dos recortes nas comunicacións por tren, sen lugar a dúbidas é Santiago de Compostela. Neste caso concreto, polo feito de ser capital política e administrativa, hai un número importante de traballadoras e de traballadores públicos que se desprazan a diario á cidade, unido a milleiros de estudantes, profesorado e persoal non docente que acoden á Universidade, ademais de atracción da área de influencia do CHUS, entre outras múltiples cuestións.

En concreto, na liña A Coruña-Vigo pecha a estación da Escravitude e reduciuse a unha soa parada ao día a de Osebe. Na liña Santiago-Ourense quitáronse dous dos tres rexionais que había, e aumentou un tren de longa distancia a Madrid, co resultado de que hai unha conexión de tren menos ao día entre estas dúas cidades de Ourense e de Santiago. Pero en paradas, ao quedar un só tren rexional, pecháronse por completo as estacións de Vedra-Ribadulla, Bandeira e Ponte Taboada (Silleda), e a de Lalín vai quedar cunha única frecuencia diaria con Santiago de Compostela.

Á marxe destes recortes, no ámbito máis próximo a Santiago de Compostela repercútenlle todos os producidos no resto da rede viaria, tanto en Ferrol, como na Coruña e en Monforte.

A Xunta de Galiza debe encarar este grave problema e asumir todos os servizos interiores do noso país a través dunha transferencia da infraestrutura e do material rodante, realizando previamente o Estado un investimento para poder dispoñer dun bo tren convencional. A ese proceso de transferencia ha de seguir a creación dunha compañía pública ferroviaria galega que parta da nosa realidade de unidade económica e social a vertebrar, e que xestione os servizos ferroviarios no interior do territorio galego.

Esta política ferroviaria do Partido Popular, anunciada a posteriori da súa execución, é a proba da improvisación e vai provocar unha profunda destruturación do territorio galego. A incongruencia máis absoluta é que un billete do tren Alvia da Coruña-Madrid sexa máis barato que outro da Coruña a Ourense, reflexo dunha política ferroviaria concebida cunha lóxica claramente centralista e madrileña por parte do Ministerio de Fomento e de Renfe.

O BNG reivindicou historicamente unha política ferroviaria propia para Galiza, porque o tren é un transporte esencial, sustentabel e debía de ser o máis económico, ademais de contribuír a articular o territorio, por iso demanda:

-Que a Xunta reclame as competencias plenas para constitución dunha compañía ferroviaria pública galega.

-Que o goberno galego exerza como tal, e represente aos intereses de Galiza, para reivindicar estes servizos ferroviarios fronte aos recortes que impón o goberno do Estado.

Do mesmo xeito, o seu grupo require que o Concello de Santiago defenda os intereses da cidadanía compostelán e tamén reivindicque estes servizos ferroviarios como fixeron moitos outros concellos doutras comunidades que lle plantaron cara a supresión de liñas, de paradas, e de servizos que se viñan prestando, incluso moitos do Partido Popular. Nese sentido, o BNG cuestiona o seguidismo cego dos plans marcados dende Madrid, cando outros presidentes de comunidades autónomas, tamén do Partido Popular, fixeron unha defensa férrea para que non se eliminaran servizos ferroviarios, por exemplo Zamora.

Seguidamente o concelleiro pon de manifesto a contradición dos investimentos realizados para a conexión do tren de alta velocidade con Madrid, cando estes recortes van provocar que Galiza conte con peores servizos de transporte ferroviario nas últimas décadas, con comarcas que van quedar sen este servizo. De pouco vale ter quilómetros de camiños de ferro, de infraestrutura de alta calidade, se os servizos que se ofrecen á cidadanía diminúen.

O que debería primar nunha política de transporte en clave social e de futuro, é o mantemento do servizo con calidade nas prestacións e frecuencias axeitadas, así como favorecer con tarifas bonificadas este medio de transporte, en vez de enterrar millóns de euros que en moitos casos a quen benefician no curto prazo é a grandes construtoras, que son as que sacan a principal tallada dese servizo.

O BNG foi pioneiro dende fai vinte anos na defensa do servizo de ferrocarril en Galiza, con numerosas iniciativas trasladadas a institucións e ao Congreso dos Deputados. Por iso, o seu grupo considera que ten plena lexitimidade á hora de reclamar melloras do servizo, fronte á eliminación e supresión do ferrocarril disfrazado con novas liñas e frecuencias do tren a Madrid.

Engade o sr. Cela que recentemente o BNG debateu no Congreso e no Parlamento Galego dúas iniciativas para que o goberno do Estado dea marcha atrás nese plan de recortes ferroviarios, e dialogue cos sectores afectados, organizacións políticas e Xunta de Galiza, para iniciar o traspaso de competencias en materia de ferrocarril. O PP foi a única forza política parlamentaria que se opuxo á proposición non de lei da Deputada do BNG Rosana Pérez, que instaba ao Ministerio de Fomento a parar a eliminación de servizos de media distancia ferroviarios. O deputado do Partido Popular Celso Delgado foi o parlamentario encargado de expresar o rexeitamento do Partido Popular á iniciativa do BNG, que en cambio foi apoiada por todo o resto dos grupos da cámara.

Este plan de fomento consinte a plasmación da desfeita no servizo ferroviario galego, e cando o concelleiro dí desfeita refírese á confusión, opacidade, desconcerto e desinformación nas primeiras fins de semana de xuño, tanto nas persoas usuarias como nos traballadores e traballadoras de Renfe.

Con estes recortes vitais para o desenvolvemento económico e social das comarcas, ao tempo que se reforzan as comunicacións con Madrid, estas medidas van supor un empobrecemento progresivo e continuado do interior de Galiza. Chama a atención o feito de que Galiza sexa a comunidade con maior dispersión de poboación de todo o Estado, con preto do 50% dos núcleos do conxunto do Estado español, moitos deles afastados de autovías, autoestradas, e incluso moi distantes de estacións de tren polas que pasa o rexional, sen esquecer que carecemos de servizo de cercanías e imos ser unha das zonas máis afectadas polo plan de racionalización.

O Ministerio de Fomento procúrase o aforro de 50 millóns anuais para o 2015, e a eliminación duns 4000 postos de traballo nos próximos catro anos, algo dende o punto de vista do concelleiro inxustificable, e se pregunta de que eficiencia fala Fomento, se é da eficiencia dos gobernos que durante anos se despreocuparon das infraestruturas caducas, dos trazados imposibles, da falla de modernización, da non electrificación das vías, da diminución de frecuencias e paradas, da eliminación de estacións, ou da nula comunicación dos servizos ferroviarios e os aeroportos.

Incide tamén a proposición na necesidade de mellorar as liñas ferroviarias, vitais para o desenvolvemento económico, global e social do interior de Galiza, porque non podemos permitir que mentres o goberno do Estado recorta liñas, a Xunta de Galiza e os alcaldes estean calados mentres se suprimen servizos e paradas de tren, cando a súa obriga é defender, por enriba de todo, á cidadanía, independentemente da cor política.

Don Francisco Reyes Santiás intervén seguidamente, e indica que dos servizos que presta RENFE para a rede ferroviaria, administrada por ADIF, os únicos que revisten carácter de servizo público, de acordo coa política de transportes da Unión Europea, son os de media distancia e proximidades.

Os peches anunciados suporían un recorte da terceira parte dos servizos de media distancia, e con iso completaría unha longa cadea de redución de servizos, de utilización de trens inadecuados para liñas de débil tráfico, con horarios incómodos, con insuficiente mantemento da infraestrutura e de ausencia de coordinación con outros medios de transporte, e ata con outros servizos ferroviarios, o que deriva nunha xestión do servizo próxima á incompetencia, que os directivos de Renfe e Adif e o propio ministerio, con dona Ana Pastor á cabeza, deberían asumir antes que nada. Pola contra, atopámonos cun ministerio que mentres rescata autovías radiais innecesarias no seu momento, pero propiedade das grandes construtoras que se beneficiaron de enormes plusvalías, á súa vez recorta servizos ferroviarios á cidadanía máis débil e necesitada, supoñendo unha importante transferencia de rendas ás grandes empresas.

Se no pasado o diñeiro aproveitouse en mellorar o ferrocarril máis social, hoxe dereitos constitucionais como a igualdade e a cohesión veríanse reforzados. A iso hai que engadir que en moitos casos as liñas sobre as que se presta o servizo son compartidas con servizos de longa distancia e mercadorías, necesarios pero sen carácter de servizo público, polo que ao circular menos trens por elas, o custo total de funcionamento aumentará ao ter as vías menos aproveitamento.

Ao fío do anterior, tamén fai fincapé o concelleiro en como aparecen dissociadas, ás veces inutilmente, decisións da empresa Renfe, como prestadora, e de Adif como mantedora da infraestrutura. Por outra banda, ao desaparecer os servizos, facilitarase o camiño para a privatización das infraestruturas ferroviarias e os seus servizos posteriores, en liña coas políticas neoliberais emanadas do euro.

Pero aínda sendo isto significativo, o máis prexudicial é que o modelo liberalizador ferroviario afasta cada vez a máis persoas e territorios dun sistema de transporte edificado co esforzo de toda a poboación española. Sinala neste sentido o concelleiro que os recortes non só afectarían ás comunicacións entre cidades e zonas rurais, senón ás relacións entre pequenos núcleos rurais. Así, a relación entre municipios con moita tradición de servizos comarcais, sen os trens de media distancia, irase extinguindo, con grave dano do equilibrio territorial.

O anterior provocará dúas consecuencias moi graves, a primeira delas unha necesaria diminución do tamaño das empresas Renfe e Adif, empresas ferroviarias cos índices de produtividade máis altos de Europa, coa inevitable consecuencia posterior de redución de emprego e unha perda da cohesión territorial do Estado, dado que a maioría dos peches de liñas terán lugar en núcleos con escasa densidade de poboación, xa gravemente afectados por recortes noutros servizos públicos.

A repercusión sobre a perda de emprego non só quedará nos postos de traballo directos, senon que arrastrará sectores derivados de atención ao cliente, restauración e servizos de contratas ferroviarias.

En canto á segunda consecuencia, pensa o concelleiro que é a afección á cohesión territorial, e neste senso é importante que o Estado nestes momentos actúe como tal en coordinación coas comunidades autónomas, que tamén son Estado, e que os servizos se presten de forma conxunta coa consideración de servizo público de rendabilidade social, como esixe o Estado constitucional, non contribuindo aos enfrontamentos entre territorios con argumentos ás veces irresponsables por parte da Dirección de Renfe, como o que queira tren que o pague, en resposta ás comunidades autónomas críticas coa peche.

Para o Sr. Reyes tamén é interesante observar que mentres países centrais como Francia e Alemania reforzan as súas entidades públicas ferroviarias, Renfe e Adif verán reducido o seu tamaño, aumentando cada vez máis a dificultade para facer delas, especialmente de Renfe, un operador ferroviario integral. Nesta orde de cousas, aínda que agora referido a mercadorías, estes grandes operadores públicos ferroviarios estatais xa están tomando posicións para a compra desta área de negocio do noso ferrocarril, así o peixe grande acabara coméndose ao peixe pequeno.

En paralelo ao proceso xeneralizado de reformas laborais e negociacións colectivas á baixa, no ámbito do ferrocarril tamén se están precarizando as condicións de traballo, introducíndose a flexibilidade e perdéndose dereitos. O actual goberno, aproveitando o río revolto da crise, decidiu dar un impulso sen precedentes á destrución do ferrocarril público e ás políticas privatizadoras, unindo o peche de liñas con novos plans de segregación e privatización, téndose suscitado unha redefinición do concepto de servizo público que vai supoñer a eliminación de numerosos servizos.

O impacto do proceso de transformación do modelo de explotación ferroviaria ha de ser notable nas dúas empresas matrices, Adif e Renfe-operadora, que neste momento apenas suman 28.000 traballadores entre as dúas. Deste xeito, en Adif houbo unha importante redución a través da externalización de actividades relacionadas co mantemento de infraestrutura, así como coa formación de trens. Por outra banda, Renfe ten externalizado gran parte da canle de venda e das actividades comerciais, implementando un alto nivel de polivalencia no conxunto das actividades, e externalizado gran parte do mantemento dos trens.

Di tamén o concelleiro que se falamos das condicións de traballo, máis aló dos convenios pactados con alto contido regresivo e a presión diaria cara á mobilidade, a polivalencia, e a arbitrariedade, debemos resaltar a continúa privatización de emprego público para substituílo por emprego privado, en xeral precario. Fragmentase a estrutura empresarial e se precarizan as condicións laborais, sendo o de contratas e subcontratas o modelo en auxe.

As propostas para o seu grupo deben ir, con urxencia, cara unha lei de financiamento do transporte, que buscando previamente o acordo social e político con sindicatos e partidos, avance cara a un modelo ferroviario estruturador economicamente e cohesionador, social e territorialmente, con acordo coas comunidades autónomas, e cara a unha única empresa pública estatal ferroviaria que manteña os dereitos laborais e o emprego de calidade, modificándose a lei do sector ferroviario.

Por todas as razóns apuntadas, adianta o Sr. Reyes que o grupo municipal do PSdeG-PSOE vai votar a favor da proposición presentada e defendida polo Bloque Nacionalista Galego.

Dona María Pardo Valdés toma o uso da palabra, e opina que os representantes do Bloque deben considerar pouco interesante a política municipal, pois seguen a traer a este pleno iniciativas que transcenden claramente o ámbito de competencias de calquera corporación municipal, e é lexítimo que o fagan, como tamén é lexítimo que utilicen este pleno para propoñer unha morea de medidas encadeadas ao seu proxecto de construción nacional, aínda que sexa alonxándose dos intereses municipais, pero o que non é tan claro é que este camiño sexa oportuno. Os intereses municipais son a prioridade do grupo popular, pero non semellan ser a do BNG.

Respecto do partido socialista, sorpréndelle o cambio de postura, pois adopta diferentes visións segundo teña ou non responsabilidades de goberno, como mostra de pura demagogia e oportunismo político.

Entrando no fondo da cuestión, indica a concelleira que o pedimento do BNG, no ano 13 do século XXI, é o de tomar en consideración a súa proposta para impulsar e modernizar o ferrocarril, e dito así, nada hai que obxectar, pero haberá que ver se tras este ambicioso título se atopan iniciativas do século XXI, ou máis ben do século XIX. Non sabe a concelleira se estamos pensando na construción europea, a libre circulación de persoas e mercadorías, a democratización que sufriron nos últimos anos os medios de transporte, xa sexan colectivos ou privados, ou se máis ben seguimos anclados no romanticismo rexionalista que asistiu ao nacemento do ferrocarril, iso si, cunha guinda marxista, para concretar o marco decimonónico, agora vestido de nacionalismo independentista. Cree a sra. Pardo que a proposta do BNG se enmarca nesta segunda opción, pero o signo do noso tempo esixe ademais mellorar os servizos públicos, que deben ser eficientes e eficaces, nunha palabra, sostibles, reducindo as externalidades á súa mínima expresión, pois non se trata xa de ampliar a cobertura dos servizos públicos de calquera forma e a calquera custe, tantas veces en busca do rédito político inmediato, pois isto xa non é admisible, nin tampouco sería xusto ou solidario. Hoxe en día, o impacto medioambiental debe ser tido en conta ao analizar o custe dos servizos públicos, e de igual modo deben ser tidas en conta nas xeracións futuras, debendo ser nós conscientes de que a xestión adecuada dos recursos no presente debe ser a base das melloras na calidade de vida dos que veñan despois de nós.

Engade a concelleira que D. José Blanco dixo no Congreso dos Deputados en xullo de 2010, cando era Ministro de Fomento, que “debemos plantexarnos a prestación dos servizos ferroviarios de modo que sexan sostibles, social e medioambientalmente”, por tanto esta opinión non a ostenta en exclusiva o partido popular. Quere deixar claro a concelleira que esta non é unha cuestión de rendabilidade económica, pois se se tratase diso, non tería sentido a prestación de boa parte dos servizos ferroviarios existentes, senon, e sobre todo, unha cuestión de rendabilidade social e medioambiental. E sigue a dicir o Sr. Blanco: “unha rendabilidade social que non existe cando os propios cidadáns abandonan as liñas por alternativas máis eficientes, en tempo e custe, porque, aínda admitindo que o servizo poida ser mellorado nalgúns casos, e iso poida incentivar a demanda, o que demostran os estudos realizados é que hai casos en que incluso con esas medidas non hai demanda potencial por parte dos usuarios, e cando se dí que o tren é un medio eficiente enerxéticamente, faise pensando en supostos de niveis de ocupación adecuada, pois hai que entender que mover un tren de 170 toneladas para que circule practicamente baleiro é facer un dos usos máis ineficientes da enerxía e dos recursos públicos. O Estado ten a obriga no marco das súas competencias de garantir a mobilidade dos cidadáns e iso debe satisfacerse mediante

aqueles modos que, asegurando un servizo de calidade axeitado, se axusten mellor á demanda existente, e garantindo o mellor uso posible dos recursos públicos”.

Logo de citar a intervención do ex-ministro Sr. Blanco, a concelleira indica que as medidas que se están a tomar en Galicia seguen estas liñas, xa anticipadas polo executivo socialista e compartidas polo goberno actual, baseadas en criterios obxectivos sobre os custos ambientais, a eficiencia do servizo, e outros custos externos. Tanto é así que a Xunta de Galicia velou para garantir que o proceso de racionalización do servizo de media distancia en Galicia se leve a cabo co menor impacto posible, posibilitando en calquera caso unha oferta de transporte público a todos os cidadáns.

O que non se pode -afirma a Sra. Pardo- é subvencionar a ineficiencia cando existen mellores alternativas de transporte público, e lembra que o obxecto non debe ser outro que garantir da mellor maneira posible a mobilidade das persoas que se poidan ver afectadas, adaptando os servizos ferroviarios en Galicia ás necesidades reais da súa economía e do conxunto da súa cidadanía, modernizando para elo trazados e infraestruturas, adecuando a oferta ao medio de transporte que mellor satisfai a demanda real, e facendo compatible a eficiencia dos servizos de transporte co extensión do seu carácter de servizo público a toda a poboación, favorecendo a intermodalidade conforme a criterios ambientais e sociais. Os citados son os aspectos fundamentais do plan de racionalización dos servizos ferroviarios en Galicia, que tamén contempla os aspectos relacionados coa formación profesional vinculada á actividade ferroviaria, circunstancias todas elas que levan ao grupo popular a rexeitar a proposición presentada a este pleno.

Intervén de novo D. Rubén Cela, que con respecto á referencia da Sra. Pardo sobre o pouco interese na política municipal do grupo municipal do BNG por traer esta proposta, indica que debe ser que á señora Pardo e ó Partido Popular, Lalín, Valga ou A Escravitude lles deben quedar moi lonxe, aínda que fai uns minutos a señora Reyes Leis facía referencia ás políticas que estaba a levar a cabo o Concello de Santiago con promocións en destinos bastante máis exóticos. En calquera caso, asegura o concelleiro que non é indiferente para Santiago que Lalín estea conectado exclusivamente cunha frecuencia diaria con Santiago de Compostela, e que non é indiferente para unha cidade como a nosa, con máis de vinte mil estudantes, cunha importante carga de traballadores públicos que acceden á nosa cidade todos os días, sendo capital dunha área sanitaria tamén moi relevante. Polo tanto, o BNG, evidentemente si cree que isto é un asunto importante para a política municipal de Santiago, importante para o Concello de Santiago, para os seus cidadáns, para o seu comercio, e dende logo, para o conxunto do país.

En segundo lugar, a concelleira falaba de políticas modernas e de que as propostas do BNG eran do século pasado, mais o que propón o partido popular é bastante vello, pois a difunta señora Thatcher xa fixo nos anos 80 no sector ferroviario británico un proceso de privatización brutal, que por certo hoxe, trinta e pico anos despois, vai precisamente no rumbo inverso.

Falaba tamén a concelleira de transporte eficiente, e de medios de transporte e vías de comunicación sustentables, e o Sr. Cela asegura que esas vías non son menos sustentables que algunhas autovías, construídas tamén con cartos públicos, con moitísimo maior impacto medioambiental, con moitísimo máis impacto en vidas humanas, con moitísimo máis custe



noutros casos, e xa por non falar doutro tipo de infraestruturas, como por exemplo o aeroporto de Castellón, ou outros.

En definitiva, o Sr. Cela opina que evidentemente Galiza perdeu o primeiro tren da súa historia a respecto do que foi a evolución do ferrocarril en toda Europa, e perdeuno novamente durante toda a etapa do franquismo, quedando relegada a un plano totalmente secundario por mor dunha nefasta política absolutamente centralista da distribución ferroviaria no noso país e das dotacións que tiñamos ate o de agora, e o que cree é que non debería volver a perder ese tren.

Todo o proceso actual vai traer consigo catro consecuencias principais, e a primeira é a privatización brutal dunha compañía pública que vai implicar despedimentos e precarizacións das condicións laborais dos traballadores, e que rexan exclusivamente criterios de mercado á hora de tomar determinadas decisións onde tería que haber unha compoñente do beneficio social das mesmas, non só exclusivamente empresarial. Tamén vai supor unha recentralización de todos eses servizos, e unha redución moi importante dos investimentos no noso país, non só con ese peche de estacións. A sra. Pardo facía referencia antes á intermodalidade, e o sr. Cela ofrece datos do propio Adif a respecto precisamente da estación intermodal de Santiago, pois do que se fala é dunha proposta inicial de 28,2 millóns que pasa a unha actual proposta de 7,7, e no caso de vías e andéns de 28 millóns a 9,1 millóns. O propio Adif ofrece unhas cifras nas que a Estación de Santiago de Compostela pasa de 56,2 millóns de euros a 16,8 millóns de euros, cun aforro, segundo ADIF, de 39,4 millóns de euros, o que para o concelleiro non é tal aforro, senon unha falta de inversión de corenta millóns de euros en Santiago de Compostela, o que é bastante diferente.

En calquera caso, opina o concelleiro que o partido popular é novamente máis papista que o papa, pois outros concellos gobernados por ese partido, incluso con maioría absoluta, levantáronse contra unha decisión que a todas luces é tremendamente inxusta nesas localidades, como o é para o caso do Concello de Santiago.

A proposición que o BNG presentou pretendía obter o respaldo de tódolos grupos da corporación para defender as comunicacións de Santiago de Compostela, para defender o ferrocarril como medio de comunicación, e dende logo, para que non se desmantele, pois o concelleiro ten por seguro que este é un primeiro paso, e que o proceso de privatización do ferrocarril no Estado español vai continuar, e que ese proceso de deterioro das condicións, das paradas, das frecuencias e das infraestruturas é tremendamente prexudicial para Santiago e para o conxunto do país.

Intervén agora Don Francisco Reyes, que indica o seu grupo apoia todo o dito por D. José Blanco precisamente porque son conscientes de que o ferrocarril ten problemas, e ún dos principais é a heteroxeneidade da súa rede, con tensións eléctricas e sistemas de seguridade diferentes, cuestións éstas que o que fan é impedir que exista unha verdadeira rede interrelacionada e que permita unha vertebración real do territorio, ademais de imposibilitar que o ferrocarril poida cumprir cun papel prioritario no transporte de mercadorías e de viaxeiros. Tamén é certo, por outra banda, que o ferrocarril convencional é o medio con menor gasto de enerxía e capaz de transportar a un maior número de persoas e mercadorías, e este feito resulta transcendental por dous motivos, o primeiro porque o transporte no seu conxunto é o maior consumidor de enerxía, e o segundo, porque a súa produción é unha das actividades con maior impacto ambiental. Engadido ao anterior, polo tanto, unha aposta

clara polo ferrocarril convencional en detrimento do transporte por estrada suporía unha menor incidencia tanto na contaminación atmosférica como na contaminación acústica, esta última obviamente sobre todo nas cidades. Por outra banda, dáse un menor impacto paisaxístico e menor efecto barreira se falamos do ferrocarril, sobre de todo comparado con autopistas e autovías, á parte dunha menor ocupación do espazo, pois o ferrocarril convencional require moito menos espazo para transportar o mesmo número de persoas e mercadorías que outros medios de comunicación similares.

Doutra banda, o ferrocarril é o medio de transporte máis seguro, e ao elixir entre as grandes opcións de transporte hai que ter en conta a enorme cota de dor e sufrimento que a opción da estrada supón.

Engade o concelleiro que o ferrocarril foi e é non só un medio de transporte, senón tamén unha fonte de desenvolvemento social, e suprimir unha liña de tren causa un grave dano aos pobos e comarcas aos que presta servizo, afonda as inxustizas e acentúa a tendencia ao despoboamento das zonas rurais. Pola contra, as autopistas non inciden favorablemente nos municipios que non son puntos de orixe ou destino, e que polo xeral quedan peor comunicados.

O ferrocarril convencional mellora a calidade de vida ao permitir aproveitar e gozar tamén do tempo empregado no desprazamento, e permite retomar o concepto colectivo e comunitario do transporte, favorecendo a calidade dos valores culturais e sociais da viaxe. As potencialidades do ferrocarril convencional convérteno no medio adecuado para a integración de colectivos de persoas con mobilidade reducida, as cales se enfrontan a trabas ás veces insalvables e sofren a exclusión con respecto ao resto dos cidadáns. Aproveitar ao máximo a potencialidade do ferrocarril convencional pasa tamén por manter unha política de prezos populares que facilite o acceso ás persoas excluídas ou máis desprotexidas socialmente, como anciáns, persoas con recursos económicos limitados ou persoas novas.

Engade o concelleiro que por outra banda o mantemento dun concepto de ferrocarril como servizo público, que se suscita como alternativa ecolóxica e sostible, debe levar aparellado un modelo de emprego e de relacións laborais respectuosas nos mesmos termos e valores coas persoas que traballan nel, e así, fronte á política empresarial deseñada polo actual goberno para abaratar custes e sobre de todo, para debilitar a posición dos traballadores e traballadoras do ferrocarril, cómpre defender o modelo de ferrocarril integrado, que incorpore emprego público de calidade e a seguridade a todos os niveis como parte esencial dos seus acenos de identidade.

Polo tanto, o grupo socialista insiste en que vai votar favorablemente a proposición do BNG en defensa dun ferrocarril público e en contra duns recortes que somentes poden poñer limitacións a quen non teñen a sorte de vivir nas grandes urbes.

Dona María Pardo Valdés toma a palabra e indica que a ideoloxía, cando se formula sobre unha base dogmática, soe ter a virtude de proporcionar un entorno cómodo no que moverse, uns esquemas que son aceptados polo círculo de camaradas, o que lles ofrece unha sensación de seguridade; sen embargo, este marco ideolóxico estable con frecuencia adáptase mal á realidade das cousas e ás circunstancias do momento.

A concelleira pídelle aos representantes do Bloque que saian do século XIX no que andan metidos e veñan de novo ao século XXI, onde se constrúe un novo mundo, que abandonen os seus esquemas, e entre eles, aquel que lles fai confundir capital con propiedade ou titularidade, e con isto refírese á solicitude competencial da Xunta, porque a titularidade dos servizos non implica necesariamente mellora na xestión, e posto que a eficiencia dos servizos ferroviarios ten máis que ver con realizar unha xestión axustada de acordo coa oferta e a demanda, e que tenda á sostibilidade deste servizo.

O papel do goberno galego debe de ser de colaboración co Estado, co obxectivo de garantir que se adopten aquelas medidas que fagan compatibles a eficiencia dos servizos do transporte coa extensión universal, dado o seu carácter de servizo público, a través, polo tanto, da intermodalidade, impulsando ao facelo o avance dos servizos de cercanías intermodales e mellorando as infraestruturas baixo este criterio, para ir adecuando a nosa rede de transportes -tamén a ferroviaria- ás necesidades reais de Galicia dende unha visión global, de maneira que cada euro público investido contribúa a mellorar a vida das xeracións presentes e futuras, con respecto ao medio ambiente, e que impulse o crecemento económico e social de Galicia.

Dirixíndose ao Sr. Reyes, a concelleira dille que por moitos malabarismos que faga, non pode defender a sostibilidade do ferrocarril.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 11 votos a favor, dos membros dos grupos BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra, dos membros do grupo municipal popular, acorda rexeitar a proposición presentada polo BNG relativa ó impulso e modernización do ferrocarril.

A seguir, o Sr. Alcalde manifesta que hai unha proposición de urxencia negociada cos grupos da oposición, que parte da solicitude da Corporación do Concello de Torre de Juan Abad, da provincia de Ciudad Real, para que o Pleno do Concello de Santiago acorde pedir á UNESCO o título institucional de señorío de Quevedo para a citada poboación. Quevedo estivo vinculado a esa vila durante gran parte da súa vida, alí escribiu tamén unha obra adicada a Santiago. Engade o sr. Alcalde que o Concello de Torre de Juan Abad solicitou tamén o apoio de Concellos como Alcalá, Toledo e outros máis.

Xa que logo, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade incluír por urxencia na orde do día da sesión o seguinte asunto, alterando a numeración dos subseguintes:

## **6. PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA MANIFESTAR O APOIO AO RECOÑECIMENTO POR PARTE DA UNESCO DO TÍTULO INSTITUCIONAL DE “SEÑORÍO DE QUEVEDO” PARA O MUNICIPIO DE TORRE DE JUAN ABAD.**

Indica a proposta da alcaldía, do día 26 deste mes, en relación co presente asunto, o seguinte:

“Ángel Currás Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela, que subscribe, ten a honra de elevar á consideración do Pleno a seguinte **PROPOSTA**:

A Corporación de Torre de Juan Abad, en sesión plenaria con data 6 de outubro de 2011, acordou por unanimidade o nomeamento do seu municipio como “Señorío de Quevedo”, e agora desexan obter da UNESCO o recoñecemento institucional deste título.

E polo que solicitan o apoio de Administracións Locais como as de Madrid, Toledo, Alcalá de Henares, León ou Santiago de Compostela entre outras.

Dous aspectos marcan para nós este apoio que se solicita. Por unha banda, D. Francisco de Quevedo e a Orde dos Cabaleiros de Santiago e, por outra, a riqueza cultural que esta vila posee ao albergar nela a Casa-Museo de Quevedo e a igrexa parroquial co seu órgano histórico, protagonista dos Ciclos de Conciertos Internacionais de Música Clásica.

Por toda esta realidade de patrimonio inmaterial que posúe, e coa convicción de que as Cidades Patrimonio da Humanidade debemos respaldar estas iniciativas, propoñemos aprobar o apoio da Corporación de Santiago de Compostela á petición de recoñecemento institucional por parte da UNESCO ao título "Señorío de Quevedo" para o municipio de Torre de Juan Abad.”

Xa que logo, de conformidade coa proposta transcrita con anterioridade, o Pleno da Corporación de Santiago de Compostela, por unanimidade, apoia a petición de recoñecemento institucional, por parte da UNESCO ao título “Señorío de Quevedo” para o municipio de Torre de Juan Abad.

## **7. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.**

Á vista do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda e Medio Ambiente, correspondente á súa sesión do pasado día 20, dáse conta ao Pleno da Corporación da sentenza ditada o día 18 de abril de 2013 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4208/2011, interposto por D. Dasio Crecente Paredes contra a aprobación definitiva do Plan Parcial do SUD-4. A Pulleira.

## **8. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, RELATIVAS A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL E PARA PETICIÓN, TRAMITACIÓN E ACEPTACIÓN DE SUBVENCÍONS.**

Dase conta ao Pleno da Corporación das seguintes resolucións do Sr. Alcalde:

\* Do 27 de maio de 2013 polo que se delegan na concelleira-delegada da área de Facenda e Administración Pública Dona Cecilia Sierra, as competencias relativas ao exercizo da responsabilidade patrimonial que corresponden á alcaldía previstas no título X da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no RD 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

\* Do 10 de xuño de 2013, polo que se delegan nos/as concelleiros/as das respectivas concellarías as facultades de representación da alcaldía para a petición, tramitación e aceptación das subvencións convocadas por persoas xurídicas públicas ou privadas.

## **9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dase conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado, das resolucións ditadas pola alcaldía e as concellerías delegadas dende o 13 de maio ata o 10 de xuño de 2013 (núms. 2562 ao 3314, ambos incluídos), e dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela nas seguintes sesións:

Sesión ordinaria do día 2 de maio de 2013 (Núm. 33).  
Sesión extraordinaria urxente do día 6 de maio de 2013 (Núm. 34).  
Sesión extraordinaria urxente do día 6 de maio de 2013 (Núm 35).  
Sesión ordinaria do día 8 de maio de 2013 (Núm 36).  
Sesión extraordinaria urxente do día 13 de maio de 2013 (Núm 37).  
Sesión ordinaria do día 16 de maio de 2013 (Núm 38).  
Sesión ordinaria do día 23 de maio de 2013 (Núm 39).  
Sesión extraordinaria urxente do día 28 de maio de 2013 (Núm 40).  
Sesión ordinaria do día 30 de maio de 2013 (Núm 41).  
Sesión extraordinaria urxente do día 31 de maio de 2013 (Núm 42).

## **10. ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.**

#### **1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 18 de xuño de 2013, núm. 141.**

En relación á mobilidade no SUP-7, solicítase:

Que se busque unha solución para acceder a este polígono dende a rotonda inferior da Pontepedriña.

Que se instalen as placas identificativas nas rúas da cidade que carezan delas.

### **PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

#### **1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 5 de xuño de 2013, núm. 128.**

En relación ao pago a provedores, formulan as seguintes preguntas:

Cal é o procedemento utilizado polo grupo de goberno para o cálculo do tempo medio de pago a provedores?

Cales son os últimos datos a respecto do tempo de pagamento aos provedores?

**2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 10 de xuño de 2013, núm. 134.**

En relación coa colaboración da organización do día do minibasquet, formulan as seguintes preguntas:

Considera o goberno local que, ademais do seu patrocinio, se deben pedir 60 euros por equipo participante no Día do Minibasket?

Contribúe o goberno local a garantir a igualdade de oportunidades dos clubs de baloncesto de base ao ter que afrontar esta taxa para poder participar nunha actividade patrocinada?

Ten previsto revisar o patrocinio desta actividade organizada por El Correo Gallego para eliminar esta taxa en futuras edicións?

Considera adecuado nunha concentración onde prima o deporte e a saúde, que o patrocinador da comida sexa McDonalds, dándolles un Happy Mea le Coca Cola aos nenos e nenas participantes?

**3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 14 de xuño de 2013, núm. 136.**

En relación ao funcionamento do CSC Santa Marta, formulan as seguintes preguntas:

Cántas persoas están traballando de xeito habitual no CSC de Santa Marta?

Como se efectuou a selección de traballadores/as para este centro?

Ten este persoal a titulación requirida para os postos de traballo que desempeñan de acordo coas actividades programadas?

Quen dirixe/coordina o funcionamento diario do centro?

Cal foi e é na actualidade a programación dese centro?

**4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 17 de xuño de 2013, núm. 137.**

En relación ao centro do CEEPR-ASPANAES-Duques de Lugo, formulan a seguinte pregunta:

Cando ten previsto o goberno municipal proceder ao mantemento das parcelas limitantes cos centros de Aspanaes?

**5. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 17 de xuño de 2013, núm. 138.**

En relación aos enganches para electricidade e megafonía en diversas convocatorias organizada na cidade, formulan as seguintes preguntas:

Que motivos ten o Alcalde de Santiago de Compostela para denegar as solicitudes de enganche para electricidade e megafonía nas convocatorias de mobilizacións sociais lexitimamente convocadas na cidade?

**6. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 19 de xuño de 2013, núm. 144.**

En relacións aos bens propiedade da igrexa non destinados ao culto, formulan as seguintes preguntas:

Solicitouse á Igrexa o aboamento do IBI dos bens que non están destinados ao culto?

De ser negativa a resposta anterior, canto deixou de percibir o Concello por este concepto?

**7. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 25 de xuño de 2013, núm. 148.**

En relación a diversas obras en centros de educación infantil e primaria, formulan as seguintes preguntas:

Que xestións emprende o goberno local para que a Xunta realice as obras destinadas á ampliación do CEIP de Roxos?

En qué situación está neste momento o expediente de cesión da parcela anexa ao CEIP de Roxos?

Que xestións emprende o Goberno Local para que a Xunta realice as obras de reforma e ampliación do CEIP Monte dos Postes?

Que previsións ten o Goberno Local para a execución destas obras de mellora e ampliación de centros educativos?

**PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-**

**PREGUNTAS.-**

**1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 5 de xuño de 2013, núm. 130.**

En relación coa celebración do día da familia, formulan as seguintes preguntas:

Con que criterios de selección se escolleron os animadores da rúa?

Cal foi o importe das actuacións que se contrataron para o Día da Familia?

## **2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 5 de xuño de 2013, núm. 131.**

En relación ao programa de conciliación familiar das escolas de verán, formulan as seguintes preguntas:

Ten a Concellaría de Educación previsto organizar algunha actividade nos centros educativos que favoreza, como en anos anteriores, a conciliación familiar?

Se a resposta é negativa, cal é o motivo de que esa actividade básica para que os pais/nais poidan conciliar o traballo co tempo de lecer estival dos nenos/as non fose programada?

## **3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 6 de xuño de 2013, núm. 133.**

Á vista do abandono no que se atopa a rúa do Souto, formulan as seguintes preguntas:

1. Está o goberno a requirir aos propietarios/as das parcelas para que realicen a limpeza da maleza que incrementa o perigo de incendios durante o verán?

2. Ten o goberno previsto dentro do plan de conservación de vías públicas o arranxo da rúa do Souto en Vidán?

Manifesta o Sr. Alcalde que hai unha pregunta para a súa resposta por escrito do Bloque Nacionalista Galego, en relación co cálculo do prazo para o pago a provedores, e tamén un rogo do mesmo grupo relativo á colocación de placas identificativas.

Dona Elvira Cienfuegos toma o uso da palabra e di que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego considera que se debe dar unha solución para a mellora da mobilidade no SUP-7, que abrangue, entre outras, as rúas Souto Paz, Pérez Lugín, ou Vázquez Cacharrón, pois coa ocupación das novas vivendas aflora un problema de mobilidade para a veciñanza deste novo barrio de Santiago. Así, as entradas a este polígono só poden facerse dende o barrio de Sar ou do Castiñeiríño, e a veciñanza demanda unha solución dende a rotonda inferior da Pontepedriña.

Por outra banda, e ao igual que noutra zona próxima a ésta -as rúas do Campo do Amo-, as deste polígono estiveron, agás a rúa Vázquez Cacharrón, sen placas identificativas ata fai poucos días. Hoxe aínda faltan placas, e algunha recén estreada está fixada, ou sobrefixada, con cinta adhesiva, o cal, evidentemente, non é a maneira máis axeitada nin dende logo semella ser unha solución definitiva.

Polo tanto o seu grupo solicita en primeiro lugar que se busque o modo para acceder a este polígono SUP-7 dende a rotonda inferior da Pontepedriña; e en segundo lugar, que se instalen adecuadamente as placas identificativas nas rúas da cidade que carezan delas.

Dona María Pardo Valdés pide ao BNG que non copie as malas prácticas habituais do grupo socialista, pois estase traballando e resolvendo no asunto, sobre o que explica que a apertura deste vial foi unha cuestión que se deixou sen resolver na execución do SUP-7 aló polos anos 2009 ou 2010, xerando múltiples problemas de tráfico derivados da confluencia co



colexio Ramón Cabanillas, que fixo que o vial que comunica o antigo barrio de Pontepedriña coa rúa da Estrada fose dunha única dirección e non de dúas como estaba previsto no seu momento. Por parte da Concellaría de desenvolvemento urbano e sostible, unha vez se comprobaron as queixas veciñais, que están fundadas, dotouse a principios deste mes de xuño dunha partida orzamentaria por importe de 31.000 euros, financiada coa incorporación de remanentes, que se considerou suficiente por parte dos técnicos para a realización da actuación prevista. Na actualidade estanse barrallando dúas posibilidades, sendo unha a apertura do vial solicitado polos veciños, que será analizada polo departamento de tráfico, e a outra, se se descarta esa, a apertura doutros viais, actualmente sen saída, e cuxo custe sería similar.

A primeira opción ten a ventaxa de dotar de mellores condicións aos veciños e ao barrio, e por iso prevese a súa utilización só polos veciños e non por outra moita xente, dado que melloraría as conexións internas, pero tamén con outros puntos da cidade. Sen embargo, precisamente por iso, podería xerar problemas de saturación do tráfico e atascos para os accesos ao polígono do SUP-7 e á rúa da Estrada como alternativa de xiro da rotonda do Castiñeiriño. A segunda opción ten un carácter máis reducido, xa que prevé a súa utilización como un sistema viario local, e daría un servizo circunscrito ao barrio pero evitaría os problemas antes aludidos. En calquera caso, di a concelleira que o problema da financiación está solucionado, e optarase pola solución técnica máis solvente en canto se dispoña dos informes precisos de tráfico.

No que atinxe á colocación de placas en Pontepedriña, e segundo a información da que dispón a concelleira, xa están colocadas.

## **11. TOMA EN CONSIDERACIÓN DAS MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.**

### **MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.**

#### **1. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 19 de xuño de 2013, núm. 143.**

#### **MOCIÓN PARA GARANTIR OS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, BISEXUAIS E TRANSEXUAIS.**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa á adopción de medidas destinadas a garantir os dereitos das persoas lesbianas, gales, bisexuais e transexuais.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Día Internacional da Liberación LGBT (lesbianas, gais, bisexuais e transexuais), que se celebra cada 28 de xuño, é a data escollida polo movemento de liberación homosexual na loita social que reivindica a dignidade e a igualdade das persoas, sexa cal for a súa orientación ou identidade sexuais.

Cómpre que as institucións democráticas manifesten o seu apoio ás reivindicacións da comunidade LGBT posto que falta aínda por conquistar unha igualdade real e unha normalización social que combata un sistema que incrimina a diversidade e a liberdade para decidir. É por iso que o apoio social e institucional ao recoñecemento que propón o movemento LGBT debe ser máis forte aínda neste contexto particular, cunha profunda involución democrática e co ataque constante por parte dos gobernos do PP aos dereitos conseguidos tras décadas de loita. Nesta, como noutras cuestións, a sociedade non pode retroceder nin consentir o retorno á invisibilización e a espazos dominados pola hipocrisía e a dupla moral.

A loita contra a discriminación por orientación ou identidade sexual debe manifestarse tamén a través dun ensino laico contrario ao proclamado, fundamentalmente, pola Igrexa católica, especialmente reforzada nas últimas leis aprobadas polo PP. Quérese advertir, neste sentido, o retroceso a outras etapas que pode supor a LOMCE, unha lei totalmente confesional que reforza a presenza da relixión no ensino.

O compromiso coa consecución da igualdade a todos os efectos das persoas LGBT non debe consistir só na adhesión e apoio pasivo ás reivindicacións destes colectivos, senón que sería unha falta de responsabilidade política cara ao conxunto da cidadanía non actuar adoptando medidas activas que persigan a fin da discriminación pola orientación sexual, cos obxectivos de educación na igualdade e no respecto e a posta en valor da diversidade, no apoio as persoas vítimas de discriminación, na colaboración coas asociacións LGBT, co fin de conseguir unha sociedade máis xusta, baseada no respecto e na igualdade de todas as persoas.

Na sociedade actual, a homofobia continúa a existir como manifestación cruel e discriminatoria. Asemade, hai ámbitos onde os dereitos das persoas LGBT non están plenamente equiparados aos do resto da cidadanía.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

## **ACORDO**

1. O Concello de Santiago instará ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que incida no respecto á diversidade e identidade sexuais.
2. O Concello de Santiago manifesta o compromiso a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a seren tratadas sempre con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexuais.
3. O Concello de Santiago instalará o 28 de xuño, con motivo da celebración do Día Internacional da Liberación LGBT, a bandeira multicolor deste colectivo nun lugar ben visíbel dunha instalación municipal emblemática.

**2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 21 de xuño de 2013, núm. 147.**

**MOCIÓN APOIO AO POBO SAHARAÚ**

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, para apoiar o pobo saharauí.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 27 de febreiro celebrouse o 37º aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática. Non obstante, nestes case corenta anos, nin a comunidade internacional a través das Nacións Unidas, nin o Estado español como responsábel do proceso de descolonización do Sáhara Occidental, foron quen de garantir o respecto do dereito internacional e o cumprimento das resolucións das Nacións Unidas que recoñecen o dereito de autodeterminación do pobo saharauí.

Hoxe, os territorios do Sáhara Occidental, repartidos en primeira instancia e co beneplácito e complicidade do Goberno español, en 1975, entre Marrocos e Mauritania, continúan ocupados de maneira ilegal polo Estado de Marrocos, unha ocupación non recoñecida por supor unha vulneración flagrante do dereito internacional. Neses territorios ocupados, miles de saharauís sofren habitualmente a represión e a violación dos dereitos humanos por parte das autoridades marroquís, o que implicou declaracións de condena e de rexeitamento en ámbitos como as Nacións Unidas ou o Parlamento europeo.

Outra parte da poboación saharauí, aproximadamente 150 000 persoas, vive refuxiada en condicións infrahumanas desde hai case corenta anos, no deserto alxeriano, un dos lugares máis inhóspitos e inhabitábeis do planeta, preto da cidade de Tinduf. E nos últimos anos, coa pretensión de dobrear o pobo saharauí, reduciuse de xeito alarmante a axuda humanitaria e o programa de alimentos, imprescindíbeis para a subsistencia dos refuxiados e refuxiadas.

En novembro de 2010, as forzas de ocupación marroquís disolveron violentamente o campamento de Gdeim Izik, nos arredores de El Aiún, organizado por máis de 20 000 saharauís para protestar polas condicións infrahumanas en que viven. Os militares marroquís causaron vítimas e persoas desaparecidas e procederon a deter e torturar 24 saharauís para obter declaracións de responsabilidade na morte de axentes marroquís nestes feitos. Xulgados por un tribunal militar, sen garantías pola falta de probas, foron condenados con penas de cadea perpetua para nove deles e catorce con penas de entre 20 e 30 anos, o que significa un novo atentado contra o dereito de autodeterminación e as leis internacionais.

O pasado 7 de febreiro, o Parlamento europeo adoptou unha resolución manifestando a súa preocupación polo feito de se continuaren violando os dereitos humanos no Sáhara Occidental, pedindo protección aos dereitos fundamentais do pobo saharauí, incluída a liberdade de asociación, expresión e manifestación; exixindo a liberación das presas e presos políticos. Para alén diso, o Parlamento europeo parabenizou o nomeamento dun enviado especial e subliñou a necesidade dun seguimento internacional. Finalmente, manifestou o seu apoio a unha solución xusta e duradeira ao conflito, baseada no dereito á autodeterminación do pobo saharauí, de acordo coas resolucións das Nacións Unidas.

Tamén, en todo este tempo, foron numerosas as mostras de solidariedade do pobo galego co pobo saharauí traducidas de xeito especial nos centos de familias que todos os veráns acollen cativos e cativas procedentes dos campos de refuxiados de Tinduf.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. Manifestar o apoio do noso concello ao pobo saharauí, expresar a condena pola ocupación ilegal que fai Marrocos do territorio do Sáhara Occidental e reclamar a súa descolonización definitiva a través do exercicio do dereito á autodeterminación recoñecido polas Nacións Unidas. Así mesmo, condenar a represión e a violación dos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental por parte das autoridades marroquís, exixindo a liberdade de todas as presas e presos políticos, así como dos 24 saharauís condenados polos feitos de Gdeim Izik.

2. Por parte do Goberno municipal:

a) Estabelecer a irmandade cunha *daira* saharauí, dotando esta irmandade de contido político, cultural, económico, solidario...

b) Cooperar directamente coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí apoiando as súas actividades (caravanas, vacacións en paz...)

3. Reclamar ao goberno galego e ao goberno español a condena da ocupación ilegal por parte de Marrocos do territorio do Sáhara Occidental, o apoio explícito á celebración dun referendo de autodeterminación do pobo saharauí e a exixencia de que Marrocos cumpra as resolucións de Nacións Unidas.

4. Reclamar do goberno español o recoñecemento oficial da República Árabe Saharauí Democrática e, así mesmo, o impulso no ámbito internacional do incremento da axuda humanitaria dirixida aos campos de refuxiados e refuxiadas de Tinduf.

5. Dar traslado destes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, presidente do goberno español, ministro español de asuntos exteriores, portavoces dos grupos parlamentarios do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, representante da Unión Europea para asuntos exteriores e política de seguridade, embaixada de Marrocos no estado español, representante do Frente Polisario na Galiza e presidente de Solidariedade Galega co Pobo Saharauí.

### **MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.**

**1. Rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello, o día 11 de xuño de 2013, núm. 30.496.**

**MOCIÓN POLO DEREITO A UNHA ATENCIÓN PÚBLICA E DE CALIDADE DA SAÚDE SEXUAL E REPRODUCTIVA E DO MANTEMENTO DOS CENTROS DE PLANEAMENTO FAMILIAR.**

Os dereitos sexuais e reprodutivos, están recollidos como dereitos humanos desde os anos 90, e foron subscritos polo goberno español e son de obrigado cumprimento tamén para o Goberno de Galicia

Nestes momentos estamos a vivir un grave retroceso dos dereitos das persoas en xeral, das mulleres de unha forma mais acusada e dos dereitos sexuais e reprodutivos en particular.

Á modificación prevista polo goberno do Partido Popular da Lei da Interrupción Voluntaria do Embarazo, negando as mulleres a súa liberdade a decidir, únese a eliminación da educación sexual e afectiva das escolas, renunciando de este xeito a promoción da afectividade e a sexualidade, un dos aspectos mais importante da vida das persoas, dificultando a prevención dos riscos asociados ás condutas sexuais. Tamén se deixa de tratar nas escolas, ao desaparecer a Educación para a Cidadanía, a igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero.

A todo isto temos que unir o anuncio da Conselleira de Sanidade da desaparición dos Centros de Planificación Familiar, un paso máis do deterioro progresivo dos servizos e prestacións da sanidade pública.

Os Centros de Planeamento Familiar (COF) son os únicos dispositivos da sanidade pública especializados na atención integral á saúde sexual e reprodutiva, con equipos multidisciplinares para a abordaxe social, sanitaria e psicolóxica da anticoncepción en todos os seus tipos, a interrupción voluntaria do embarazo, os exames de saúde xinecolóxicos, a esterilidade, a menopausa, a atención á problemática sexual e da parellas, actividades educativas e de promoción da saúde afectivo sexual, a prevención das enfermidades de transmisión sexual e dos embarazos no desexados, problemas de parella, agresión sexuais... Son tamén os centros de referencia e de formación do persoal de atención primaria e do persoal sanitario en formación (MIR).

Coa creación dos COF pretendíase dar resposta a unha das carencias máis grandes que tiña a cidadanía en xeral e as mulleres en particular, que era a atención á saúde sexual e reprodutiva. Tamén se enmarcaron como centros de referencia para as diferentes áreas sanitarias, coa idea de que fose a atención primaria a que, polas súas características e accesibilidade, realizase paulatinamente as prestacións básicas de planificación familiar á poboación.

Pero co paso do tempo os COF foron evolucionaron de xeito diferente, perdéndose profesionais, prestacións e calidade na atención.

Tampouco en todos estes anos a administración apostou de forma seria polo desenvolvemento das prestacións básicas de planificación familiar en atención primaria, o que produciu gradualmente unha paralización da formación dos profesionais de atención primaria e da implantación do programa de planificación familiar, de tal forma, que na maior parte dos centros de saúde, hoxe en día aínda non se ofertan as prestacións básicas deste programa.

O SERGAS está abandonando esta rede de centros reducindo os seus recursos e prestacións progresivamente: non cubrindo as baixas por xubilación, compartindo as funcións con outros dispositivos sanitarios e dedicándose parcialmente aos centros... A consulta ordinaria

de xinecoloxía só atende ao exame de saúde xinecolóxico e en algúns casos anticoncepción, con largas listas de espera.

**En Santiago:** Non teñen persoal administrativo propio, compárteno co centro de saúde. Tampouco ten traballadora social, o equipo está formado por unha enfermeira, unha psicóloga clínica e unha xinecóloga.

Só se fai instauración de método anticonceptivo, xa non se fan as revisións xinecolóxicas de saúde e non se atende esterilidade e infertilidade.

É incuestionable que o desmantelamento e o abandono no que están os C.O.F. e a súa desaparición supón un grave retroceso nas garantías da sanidade pública e a vulneración de dereitos básicos de saúde, dos cales a saúde sexual e reprodutiva forma parte como elemento indiscutible da saúde integral de calquera persoa e é un dos indicadores de calidade de vida da cidadanía. Este deterioro da atención recae máis especificamente sobre a saúde das mulleres que, como colectivo, sofren unha vez máis a vulneración dos seus dereitos e da súa liberdade, por parte das actuais políticas que reafirman unha única identidade feminina asentada na maternidade, apropiándose de novo do corpo e da sexualidade das mulleres e facendo aínda maiores as desigualdades existentes entre sexos.

Por todo isto traemos a este pleno a seguinte MOCIÓN:

O Pleno de Santiago de Compostela adhírese ao manifesto polo dereito a unha atención pública e de calidade da saúde sexual e reprodutiva e insta á Xunta de Galicia a:

1. Integración da educación sexual e reprodutiva en todos os niveis da educación.
2. Permanencia dos COF de carácter público, interdisciplinario e con persoal e medios suficientes, axeitados e accesibles.
3. A implantación e consolidación en atención primaria do programa da muller, universal e de calidade.
4. Financiamento público dos métodos anticonceptivos.
5. Dereito ao aborto gratuíto respectando a libre decisión das mulleres.

**2. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 21 de xuño de 2013, núm. 145.**

## **MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA DO ORGULLO LGTB**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O vindeiro 28 de xuño celébrase o día do orgullo LGTB. Con motivo desta efeméride propoñemos a este pleno adherirnos á denuncia e ás alternativas que se están a dar desde o colectivo LGTB, este ano centrada nunha problemática que nos afecta a todos e a todas: **o acoso escolar e o suicidio entre os adolescentes LGTB.**

Un recente informe, publicado pola FELGTB (Federación estatal de lesbianas, gays, transexuales y bisexuales) e COGAM (Colectivo de Lesbianas, Gays, Transexuales y Bisexuales de Madrid), pón de manifesto a problemática existente arredor do acoso escolar homofóbico e o risco de suicidio entre adolescentes e mozas lesbianas, gays e bisexuais (LGB).

O suicidio, segundo os datos oficiais publicados polo Instituto Nacional de Estadística, é unha das principais causas externas de falecemento en adolescentes. Dentro deste grupo de poboación vense afectados especialmente o colectivo de LGTB, aínda que no noso país non existen datos fiables ao non recollese estatisticamente esta variable. O estudo realizado pola FELGTB e COGAM sobre esta materia noutros países occidentais ilustra a realidade existente dun problema que non pode deixar indiferente a ninguén.

Non se poden obviar as vivencias persoais, as testemuñas de moitos mozos e mozas LGTB que narran en primeira persoa as súas experiencias de sufrimento e intentos de suicidio.

É importante ter en conta que estes mozos e mozas pasan o maior tempo da súa adolescencia en centros educativos: a homofobia existente na sociedade trasládase ás aulas e aplícase directamente sobre eles, en forma dun acoso en ocasións brutal que lles impide medrar como persoas libres.

Estamos ante un problema que precisa dunha resposta de toda a sociedade, tanto das familias, como dos responsables políticos, da comunidade educativa e do sector sanitario. Non é admisible que na nosa sociedade os centros educativos non sexan espazos seguros e de convivencia para todos e todas especialmente para os mozos e mozas LGTB.

É necesario loitar contra o elevado índice de acoso escolar por orientación sexual e identidade de xénero: a sociedade en xeral e o sistema educativo en particular debe dar unha resposta contundente e eficaz.

Non podemos esquecer que o acoso escolar ten graves consecuencias nas persoas que o sofren: angustia, depresión, abandono escolar, tendencia ao abuso de sustancias tóxicas... e suicidio, o que se agrava no colectivo LGTB cando a este acoso se suma a incompreensión dalgúns pais/nais ou a falta de recursos sociais a onde acudir.

A orientación sexual e a identidade de xénero non son un problema se a contorna non o percibe como tal. Ninguén se suicida por ser homosexual, bisexual ou transexual, senón por sufrir a violencia da discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

Os poderes públicos deben ofrecer unha resposta con carácter proactivo e sen máis demora para acadar unha educación na convivencia, tan necesaria para a consolidación dunha sociedade democrática, capaz de promover o respecto e os dereitos de todos os cidadáns.

Por todo iso, e coa finalidade de garantir unha educación en igualdade e libre de violencia como único xeito para a prevención do acoso escolar dirixido contra os/as mozas LGTB, o Grupo Municipal Socialista insta ao Goberno Municipal a:

- Realizar un estudo con datos oficiais sobre os casos acoso escolar por motivo de diversidade sexual e de suicidio entre a nosa poboación adolescente e moza LGTB.

- Poñer en marcha un programa de prevención do acoso escolar nos centros educativos e entre a poboación adolescente. Cunha atención especial ao dereito de igualdade de trato e non discriminación.
- Poñer en marcha un Punto de Información LGTB que a través da visibilización e educación traballe para a normalización da vida das persoas LGTB, en especial entre os escolares dos centros educativos do municipio.
- Levar a cabo cursos de formación ao profesorado en materia de atención educativa á diversidade e contra o acoso escolar discriminatorio por orientación sexual e identidade de xénero.
- Promover accións para dar a coñecer a realidade LGTB e loitar contra a homofobia nos centros xuvenís e asociacións do noso municipio.

### **3. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 21 de xuño de 2013, núm. 146.**

#### **MOCIÓN A FAVOR DUN PLAN DE INCENTIVOS FISCAIS E DA PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL**

Igual que acontece no resto de España, a crise trae unha redución da actividade económica que está provocando un drástico descenso da capacidade empresarial e social para xerar postos de traballo. Como consecuencia desta situación, o desemprego é un problema crucial no Concello de Santiago.

É unha cuestión que atinxe de xeito directo á cidadanía e o Concello non pode quedar ao marxe. Os datos do desemprego en Compostela continúan incrementándose: a evolución do desemprego dende xullo de 2007 ate hoxe amosa un incremento sostido das cifras de desemprego como consecuencia da crise. Segundo os datos do Ministerio de Traballo en xullo de 2007 había 5.107 persoas desempregadas no noso Concello, en maio de 2011 esta cifra elevouse ata os 8.043. É dicir, houbo un incremento do 57,59%. En marzo de 2013 o número de desempregados foi de 9.776, o aumento do paro neste período foi do 21,55%. A baixada de 400 persoas no mes de maio non atende máis que a circunstancias estacionais.

Polo tanto, o gran obxectivo, non só do Concello de Santiago senón tamén dos axentes económicos e sociais de toda a cidade, é contribuír a promoción da actividade económica e a creación de emprego para frear unha situación de deterioro que é inaceptable a todas luces.

Compostela conta con oportunidades importantes para impulsar e rexenerar o seu tecido económico: potenciado a actividade empresarial e asentando as bases que permitan a creación de emprego. Compostela conta con polígonos industriais, con empresas punteiras e empresas con tradición e dispón dun patrimonio cultural xeoestratéxicamente ben situado que lle confire un gran potencial de desenvolvemento económico.

A promoción de novo solo industrial, a especialización dos polígonos existentes, o fluxo de persoas e de mercadorías permiten albiscar novos escenarios para potenciar a aparición de novos sectores de actividade que faciliten a implantación de novas empresas nas actividades



relacionadas coa a loxística, industria alimentaria, bens de equipo, o comercio, a distribución, servizos conexos con esas industrias e de servizos en xeral.

Por todo isto, Santiago de Compostela ten valores que a consolidan como un territorio de importantes oportunidades económicas que se poden xestionar para impulsar proxectos empresariais de futuro que perfilen novas realidades de desenvolvemento económico e empresarial.

Estas son as circunstancias que nos levan como Grupo Municipal Socialista a presentar a seguinte **MOCIÓN** ao Pleno da Corporación:

1. Que se elabore un **Plan Municipal de Incentivos Fiscais** a actividade produtiva, a contratación e a xeración de novas iniciativas empresariais, mediante bonificacións e exencións nos impostos e taxas que xestiona o Concello, **vinculados a creación de emprego**, para empresas de nova creación, para o traslado, ampliación e plans de mellora de empresas.

2. Que se elabore un **Plan de Promoción Industrial** que poña freo a deslocalización de empresas e industrias e, de xeito proactivo, fagan atractivo o emprendemento e a instalación de empresas nos Polígonos Industriais da nosa cidade promovendo, reactivando e mellorando o tecido empresarial.

**4. Rexistro de entrada na Secretaría Xeral do Pleno, o día 25 de xuño de 2013, núm. 149.**

## **MOCIÓN ARREDOR DOS NOVOS CENTROS DE SAÚDE DE GALERAS E CONXO E O PLAN DIRECTOR DO CHUS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os veciños e veciñas do Concello de Santiago de Compostela están preocupados pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso Concello como da Área de Saúde á que pertencemos.

Nos últimos anos estamos observando e sufrindo un progresivo deterioro dos servizos públicos que se concretan no caso da sanidade nun incremento das listas de espera e, na Atención Primaria, a paralización do Plan de Mellora da Atención Primaria e ultimamente a ameaza de privatización e financiamento público privado das novas infraestruturas sanitarias. Todo isto acompañado e en parte motivado pola redución de gasto sanitario público e a redución de recursos correspondente.

En xullo de 2009 o Consello da Xunta recepcionou o solar que lle cedera o Concello de Santiago para a construción do centro de saúde de Galeras, pero as obras non comezaron, mentres que a oferta dunha parcela para o Centro de Saúde de Conxo foi posta a disposición da Xunta de Galicia por acordo do 15 de febreiro de 2011 e aínda non foi nin recepcionada. Ademais, o anterior Goberno municipal acordou en Xunta de Goberno, con data de 15 de febreiro do 2011 que as obras de construción do centro de Conxo debería de ser iniciadas no prazo de tres meses contados a partir da formalización da cesión do solo e previa a obtención das licenzas e autorizacións necesarias e que as devanditas obras terían que ser

finalizadas nos prazos previstos na correspondente licenza e, no seu defecto, nos prazos establecidos pola normativa aplicable en materia urbanística e que, en calquera caso, o centro tiña que estar en funcionamento no prazo máximo de 2 anos a contar dende a formalización da cesión.

En outubro de 2010, o Goberno da Xunta someteu á información pública un estudo de viabilidade económico financeira, para a construción de 19 centros de saúde SERGAS, elixindo a fórmula de concesión de obra pública para o seu financiamento, construción e xestión; o que supón avanzar no proceso de privatización da Atención primaria da Saúde no SERGAS.

O PSdeG-PSOE, como a maioría das organizacións na defensa e mellora dos cuidados de saúde e os sindicatos de clase, defende, sen ningunha ambigüidade, un modelo de Xestión Pública directa das infraestruturas sanitarias. Pero cremos que iso non pode ser un impedimento para que todos os grupos deste municipio votemos e esixamos uns servizos e unhas infraestruturas sanitarias, neste caso, o Centros de Saúde de Conxo e de Galeras, que a nosa cidade necesita dende hai tempo.

Porén, o goberno municipal, lonxe de velar polos intereses da cidade, dá á Xunta de Galicia a escusa para o non cumprimento das súas obrigas ca sanidade de Santiago de Compostela. O acordo do 5 de outubro de 2011 concede unha prórroga dun ano para a aceptación da cesión da finca para a construción do centro de saúde de Conxo, o que, xunto ó prazo de solicitude da licenza de obras dende a recepción, que é de seis meses, permite á Xunta de Galicia non comezar as obras da construción do centro de saúde de Conxo ata o mes de abril de 2013; é dicir, ata despois das próximas eleccións autonómicas.

No Consello da Xunta do 29 de xuño aprobouse a licitación de 14 centros de saúde dos 19 previstos no Plan de Modernización de Infraestruturas sanitarias 2010-2013, incluíndo o Centro de Saúde de Galeras e esquecendo o Centro de Saúde de Conxo.

O Centro de Saúde de Conxo ten prevista una dotación dunha decena de consultas de medicina xeral, sete de enfermaría, dúas de pediatría e catro consultas de fisioterapia, ofertando un equipamento necesario para atender a poboación dunha área do noso Concello que está a medrar nos últimos dez anos.

Ademais debemos sinalar que o CHUS constituíuse en 1993 e desde entón ata hoxe prestou un gran servizo á cidade, sendo un exemplo de xestión e prestación de servizos sanitarios. O traballo dos seus profesionais é un referente na nosa Comunidade.

En abril de 2009 a Conselleira de Sanidade da Xunta, Pilar Farjas, adquiriu o compromiso de levar a cabo una reforma moi importante recollida no denominado Plan Director do CHUS.

A reforma consistía na mellora e modernización das infraestruturas e dotacións do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e prevíase un incremento de 52.336 metros cadrados de superficie nos próximos anos, entre obra nova e reformas. A maior intervención será para construír o edificio que substitúa ao actual Hospital Gil Casares, que disporá de 22.408 metros cadrados; a reforma do Hospital de Conxo afectará a 16.272; as

reformas no Clínico, a 10.252. A ampliación das súas instalacións en 48.000 m2 dará cabida a novos servizos.

Teñen transcorrido 4 anos desde que se formulou esta promesa e ata a data nada se sabe dela. Non só non se ampliou nin reformou o hospital, senón que polo transcurso do tempo os espazos foron deteriorándose progresivamente. Só se levaron a cabo pequenas reformas pero non a integral anunciada.

Cremos que estamos ante un momento importante para o noso Concello, no que a Corporación Municipal, como representantes do conxunto da cidadanía, e indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, debe estar á altura das demandas dos veciños e traballar conxuntamente para que Santiago dispoña de servizos da sanidade públicos de calidade.

**POR TODO O EXPOSTO, PROPOÑEMOS A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:**

**PRIMEIRO.** Instar á Consellería de Sanidade a que dunha vez por todas cumpra coa súa obriga de velar pola saúde dos veciños e veciñas de Compostela e constrúa e poña en marcha á maior brevidade posible os centros de saúde de Galeras e de Conxo.

**SEGUNDO.** A construción e o equipamento de infraestruturas sanitarias debe financiarse con diñeiro público 100% a través do capítulo VI de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

**TERCEIRO.** Instar á Xunta a modificar e incluír nos presupostos para o 2013 a cantidade precisa para a reforma e ampliación do Hospital Universitario de Santiago comprometida no Plan Director do CHUS de 2009 elaborado polo Servizo Galego de Saúde.

**CUARTO.** Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade, ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta.

**QUINTO.** Comunicar a presente proposición da Corporación Municipal de Santiago de Compostela ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles, a máxima difusión ao seu contido.

Manifesta o Sr. Alcalde que se retira a moción do BNG de apoio ao pobo saharauí, polo tanto procédese á defensa da relativa á garantía dos dereitos das persoas lesbianas-gais-bisexuais e transexuais.

Intervén na súa defensa Dona Elvira Cienfuegos, que expón que o 28 de xuño é o día internacional da liberación LGBT, un día para poñer de relevo a reivindicación da dignidade e da igualdade das persoas, sexa cal fora a súa orientación ou identidade sexual, un día no que se fai necesario que as institucións democráticas manifesten o seu apoio a reivindicacións da comunidade LGBT, pois cando falta aínda por conquistar unha igualdade real e unha normalización social, e cando aínda perdura o cuestionamento do que se afaste do modelo hetero-patriarcal, faise aínda mais necesario o apoio social e institucional ao

recoñecemento que propón o movemento LGBT, para evitar a volta á invisibilidade doutra hora e a espazos dominados pola hipocresía e a dupla moral.

Cómpre tamén manifestar a necesidade de actuar a medio e a longo prazo a través dun ensino laico e de calidade no combate contra a discriminación por orientación ou identidade sexual.

O compromiso institucional coa consecución da igualdade a todos os efectos das persoas LGBT non debe consistir só na adhesión e apoio pasivo ás reivindicacións destes colectivos, senón na implementación de medidas activas, que persigan o fin da discriminación pola orientación sexual, co obxecto de acadar unha sociedade mais xusta, baseada no respecto e na igualdade de todas as persoas.

Na sociedade actual continúa a existir a homofobia como manifestación cruel e discriminatoria, e hai ámbitos onde os dereitos das persoas LGBT non están plenamente equiparados cos do resto da cidadanía.

Por isto, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, co gallo da celebración do día da liberación LGBT, solicita do pleno da Corporación a toma en consideración desta moción que propón por unha parte instar ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que incida no respecto á diversidade e identidade sexuais, que o Concello de Santiago manifeste o seu compromiso de contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, e como expresión simbólica e puntual dese compromiso, se instale o 28 de xuño a bandeira multicolor deste colectivo nun lugar ben visíbel dunha instalación municipal emblemática.

Sométese a votación a urxencia na toma en consideración da moción, que é rexeitada ó obter 11 votos a favor, dos membros do BNG e do PSdeG-PSOE, e 13 en contra do grupo popular.

A seguir, Dona Mar Martín García pasa á defensa da urxencia na toma en consideración da primeira das mocións presentadas polo grupo socialista, relativa ao día do orgullo LGBT. Indica a concelleira que o día 28 de xuño celébrase o día do orgullo LGTB, e que con motivo desta efeméride o grupo socialista propón a este pleno a adhesión á denuncia e ás alternativas que estes colectivos están facendo, poñendo énfase especial nos temas que este ano centran a campaña do colectivo, como son o acoso escolar e o suicidio entre os adolescentes LGTB. Aínda que en España hoxe non dispoñemos de moitos datos sobre o problema, se trasladamos os doutros países do noso entorno estaríamos diante dun tema a tratar e detectar, por iso o seu grupo solicita na moción que se poidan poñer en marcha dende o Concello programas de prevención do acoso escolar nos centros educativos entre a poboación adolescente, cunha atención especial aos dereitos da igualdade e a non discriminación por razóns de xénero e de sexo. Solicítase tamén a posta en marcha dun punto de información LGTB, para que puidera haber un contacto con estes adolescentes, que puideran ter un sitio onde poder expresar os seus problemas e tamén promover accións para dar a coñecer a realidade LGTB e loitar contra a homofobia nos centros xuvenís e asociacións do noso municipio.

Intervén agora Dona Rosario Valledor en defensa da urxencia doutra das mocións presentadas polo grupo socialista, e explica que igual que acontece no resto de España, a

crise trae unha redución da actividade económica que está provocando un drástico descenso da capacidade empresarial e social para xerar postos de traballo. Como consecuencia desta situación, o desemprego é un problema crucial no Concello de Santiago.

En Santiago estase a notar moito máis o incremento do desemprego en relación ao desmantelamento progresivo de postos de traballo na administración. Con tal motivo, o seu grupo cree que a baixada de paro que houbo no mes de maio responde a un elemento puramente estacional.

O obxectivo debe de ser a creación de emprego, e pensa a concelleira que dende o Concello, a promoción do novo solo industrial, a especialización dos polígonos, e o fluxo de persoas e mercadorías permitirían facer novos escenarios e crear novos nichos de emprego. Por todos eses motivos, as actividades que se deberían promover son as relacionadas coa loxística, industrial e alimentaria, bens de equipo, comercio, distribución, servizos conexos con estas industrias, e servizos en xeral, pois Santiago ten un potencial importante, e moitos motivos para promover os dous obxectivos que persegue a moción, que son os seguintes:

- Por unha banda, un Plan Municipal de Incentivos Fiscais, dirixidos á actividade produtiva, á contratación e á xeración de novas iniciativas empresariais, mediante bonificacións e exencións nos impostos e taxas que xestiona o Concello, vinculados á creación de emprego, para empresas de nova creación, para o traslado doutras, ampliación e plans de mellora de empresas.

- Por outra, a elaboración dun Plan de Promoción Industrial que poña freo á deslocalización de empresas e industrias e, de xeito proactivo, faga atractivo o emprendemento e a instalación de empresas nos polígonos industriais na nosa cidade, promovendo, reactivando e mellorando o tecido empresarial.

Agora, Don Francisco Reyes defende a urxencia dos centros de saúde de Galeras e Conxo, e do Plan director do CHUS. Expón que en outubro de 2010, o Goberno da Xunta someteu á información pública un estudo de viabilidade económico-financeira para a construción de 19 centros de saúde, nos que se inclúen Galeras e Conxo, elixindo a fórmula de concesión de obra pública para o seu financiamento, construción e xestión, o que supón avanzar no proceso de privatización da atención primaria e da saúde no Sergas.

No consello da Xunta do 29 de xuño de 2012 aprobouse a licitación de 14 centros de saúde dos 19 previstos no Plan de Modernización de Infraestruturas sanitarias 2010-2013, incluíndo o Centro de Saúde de Galeras e esquecendo o de Conxo. A licitación dos 14 de centros de saúde referidos só contempla a elaboración do proxecto, mentres que a súa construción queda suxeita á dispoñibilidade de financiamento, asumindo que segundo a mesma poderá ser retirados da proposta de construción, un, dous ou mesmo todos os catorce centros, co que non hai a seguridade nin da construción do centro de saúde de Galeras.

En abril de 2009, a Conselleira de Sanidade da Xunta, naquel entón dona Pilar Farjas, adquiriu o compromiso de levar a cabo una reforma moi importante, recollida no denominado Plan Director do CHUS. Teñen transcorrido 4 anos desde que se formulou esta promesa e ata a data nada se sabe dela.

Por todo o exposto, o grupo socialista propón a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Instar á Consellería de Sanidade a que dunha vez por todas cumpra coa súa obriga de velar pola saúde dos veciños e veciñas de Compostela e constrúa e poña en marcha á maior brevidade posible os centros de saúde de Galeras e de Conxo.

SEGUNDO. A construción e o equipamento de infraestruturas sanitarias debe financiarse con diñeiro público 100% a través do capítulo VI de Orzamentos do Servizo Galego de Saúde ou, na súa falta, mediante a empresa pública de investimentos Sociedade Pública de Investimentos de Galicia (SPI).

TERCEIRO. Instar á Xunta a modificar e incluír nos orzamentos para o 2013 a cantidade precisa para a reforma e ampliación do Hospital comprometida no Plan Director do CHUS de 2009, elaborado polo Servizo Galego de Saúde.

Polo tanto, prega o concelleiro que conste a modificación do erro con respecto ao que tanta gracia fixo do hospital de Mostoles, que claramente polo contido restante da moción, é un erro na expresión da vontade, non na súa formación.

Por último, pídese dar traslado do acordo adoptado á Consellería de Sanidade, ao Parlamento de Galicia e ao Presidente da Xunta, comunícalo ao conxunto da poboación e dar, cos medios posibles, a máxima difusión ao seu contido.

Despois de defender a urxencia da moción, sinala o concelleiro que hai erros e erros, e algúns non teñen máis transcendencia que a maior ou menor elegancia no escrito, pero hai outros que poden ter serias consecuencias para quenes poidan sufrir os erros. Refírese en particular a dous, o primeiro que motivou ter que convocar un novo pleno cando se tratou da incorporación do persoal de EMUVISSA no Concello, no que se falaba de que se incorporaban como persoal indefinido, cando a condición era a de persoal fixo, ou cando por exemplo se lle impoñen dous días de corrección a un funcionario, e despois hai que facer unha corrección de erros e se lle aplica un mes de suspensión de emprego e soldo.

Por último, Dona Mar Martín García pasa a defender a urxencia da moción polo dereito a unha atención pública e de calidade da saúde sexual e reprodutiva e do mantemento dos centros de planeamento familiar. Indica a concelleira que estes centros son os únicos dispositivos da sanidade pública especializados na atención integral á saúde sexual e reprodutiva, con equipos multidisciplinares para a abordaxe social, sanitaria e psicolóxica da anticoncepción en todos os seus tipos, a interrupción voluntaria do embarazo, os exames de saúde xinecolóxicos, a esterilidade, a menopausia, a atención á problemática sexual e das parellas, actividades educativas e de promoción da saúde afectivo-sexual, a prevención das enfermidades de transmisión sexual e dos embarazos non desexados, tamén problemas de parella, agresión sexuais, pero son sobre todo os centros de referencia e de formación do persoal de atención primaria e do persoal sanitario de formación (MIR).

Cando se crearon os centros, os COF, pretendíase dar resposta a unha das carencias máis grandes que tiña a cidadanía en xeral e as mulleres en particular, que era a atención á saúde sexual e reprodutiva. Tamén se enmarcaron como centros de referencia para as diferentes áreas sanitarias, coa idea de que fose a atención primaria a que, polas súas características e accesibilidade, realizase paulatinamente as prestacións básicas de planificación familiar á poboación.

Durante todos estes anos, a administración foi pouco a pouco deixando que foran esquecéndose e morrendo os diferentes centros de planificación familiar, de feito en Santiago co abandono desta rede de centros, perdeuse persoal administrativo e tamén a traballadora social, e por iso o grupo socialista cree que o Pleno de Santiago de Compostela debería adherirse ao manifesto polo dereito a unha atención pública e de calidade da saúde sexual e reprodutiva, que xa asinaron numerosos colectivos, tanto sociais como profesionais.

Sométese á votación a urxencia na toma en consideración das catro mocións formuladas polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, que é rexeitada ao obter 11 votos a favor, dos membros dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, e 13 en contra dos membros do grupo municipal popular.

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as 18 horas e 35 minutos. Dou fe.